

Da unitaria ao Vales

Un pequeno gran salto

PROPOSTA DE COLABORACIÓN DAS ESCOLAS UNITARIAS DE COIRÓS

Este curso 2022-23 celébrase o 50º Aniversario do noso centro adscrito, C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín, de Betanzos.

Dentro do programa de eventos e actividades que se están a levar a cabo, as Escolas Unitarias de Coirós queremos propoñer a seguinte aportación:

ELABORAR UN DOCUMENTO COLECTIVO recollendo as experiencias do alumnado de Educación Infantil das Unitarias que se incorporou ao Vales en Primaria.

Interéstanos mostrar o momento de cambio que supuxo o traslado dun centro moi pequeno a outro moi grande: anécdotas, impresións, sentimentos,..

COMO O FAREMOS?

- Enviámosvos un documento de base no que podedes redactar a vosa experiencia. Pódese engadir material gráfico (imaxes, debuxos,..)
- Remitídelo á Escola de Coirós por calquera destas vías:
 - . Correo electrónico: eei.coiros@edu.xunta.gal
 - . Correo ordinario: E.E.I. de Coirós
Figueiras, 30A (Lesa)
Coirós
15316 (A Coruña)
 - . Impreso, presencialmente.

As aportacións recollidas reuniranse nun libro que formará parte do material que se difundirá con motivo da celebración.

*Para calquera dúbida ou consulta podedes contactar coa escola por correo electrónico ou no tfno.: 639709895

O PRAZO LÍMITE DE ENTREGA SERÁ O 24 DE MAIO DE 2023

ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!

Datos do/a participante

NOME	Patricia Martínez Valiño
CURSO DA EXPERIENCIA	2003 - 2004
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

O comezo dun novo curso impresiona, pero eu diría que ten máis impresión pasar de curso e de cole á vez!.

Son moitos cambios en pouco tempo, evidentemente cambia o cole, no meu caso tamén cambia a dirección de este, a profe non é a mesma e os compañeiros en algún caso tampouco!.

De un cole enano con unha profe e tres compañeiras de mesa pasei a un cole no que te perdías polos pasillos en dirección recta.

O primeiro día de cole sentín emoción e moito medo, non sabía como iba ser, nin se me iba tocar con algunha compañeira do cole antigo.

Acórdame que cando me nombraron para facer fila e entrar na nova aula mirei para miña nai con cara de pena para que non me deixara alí con tanta xente desconocida!.

Pero con un beso e un empuxón seguimos adiante.

Recordo que antes de cambiar para o Vales Villamarín, fomos algunha vez de excursión alí, pero non che dá tempo a conocer a todos e facer amigos, entón obviamente tocou facer novos amigos e por sorte ou desgracia a veces atopas con nenos que te critican pola forma de ser ou de vestir.

Foi unha etapa difícil, non é fácil facer amigos cando non queren xogar ou facer algunha actividade contigo por non ser como eles!

A pesar de todo e do mal que se pode pasar por ser diferente non cambiaría nada porque gracias a esos nenos comprendín que vale máis ter valores e quererse a un mesmo que querer ser superior a outro por ser diferente.

E unha parte do que son hoxe foi gracias a ir a unha escola unitaria no rural e ter unha mestra que foi como unha segunda nai e a día de hoxe segueo sendo.

Datos do/a participante

NOME	Yolanda López Vázquez
CURSO DA EXPERIENCIA	1997 - 98
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

Hace ya unos cuantos años, después de pasar por la unitaria de Ois durante un año y dos por la de Coirós, llegó la hora de cambiar al “cole de mayores”.

Iba a ser un cambio grande, pues pasaba de estar en un cole pequeño y familiar, a uno enorme con muchísimos niños.

Ese verano estaba muy emocionada y con mucha ilusión por el cambio, aunque por otra parte estaba nerviosa porque no sabía si me iba a tocar con algún niño de mí, ya, antiguo cole.

Cuando terminó el verano y por fin llegó la hora de empezar esta nueva etapa, estaba muy nerviosa. Fue mi madre la que me acompañó hasta el patio, donde mi nuevo profesor saldría a llamar a sus nuevos alumnos. Después de ver durante un rato como salían algunos profesores y llamaban a sus alumnos, por fin salió Emilio, mi nuevo profesor. Mi nueva clase era 1 D.

Nos mandaron sentar en mesas de dos y, ya acomodados, mi profesor me preguntó por mi hermano, si estaba enfermo. Tenía los mismos apellidos que otro niño, pero yo en esa nueva clase no conocía a nadie...mi compañera de pupitre era muy parlanchina y, gracias a ella, mis primeros días fueron algo mejores.

La primera vez que salí a aquel patio aluciné...ya solamente en mi curso había 7 clases (de la A a la G). Eso, sumado a los niños de los demás cursos,era una locura. En el medio de tanto niño me pareció ver a mi hermana, que acababa de empezar la E.S.O. y, aunque sabía que no iba a estar allí, fui corriendo. Cuando me acerqué a ella me di cuenta de que era una niña de las mayores...

Cuando llegaba la hora del recreo, siempre buscaba a mis amigos del antiguo cole. Con el tiempo me acostumbré a mis nuevos compañeros e hice nuevos amigos, aunque según pasaban los cursos nos volvían a cambiar. Algo que nunca entenderé, ya que hay niños a los que nos lo hacen pasar muy mal tontamente...

Así que, en resumen, mi cambio de la unitaria al Vales no fue todo lo bueno que me hubiese gustado. No obstante, pasando seis años de mi vida en ese cole también tengo algún buen recuerdo.

Datos do/a participante

NOME	Rubén Martínez Valiño
CURSO DA EXPERIENCIA	1996 - 1997
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

O que máis me lembro, era a impresión de ver tantos nenos/as despois de pasar de unha clase onde só había 15-20 nenos, pasar a un cole onde había 5 clases por curso foi un cambio moi grande.

Tamén recordo estar na fila do patio cuberto á espera de entrar para clase.

Tamén lembro que o mestre era máis esixente e serio no primeiro curso.

Baixaba no bus e era moita responsabilidade non perder o bus ás mañáns e ás saídas.

Agora 27 anos despois a miña filla cursa no mesmo colexio ca min e nas mesmas aulas, corredores e patios. As poucas veces que fun agora recordo igual as instalacións das clases.

Envíovos como achega algún documento da miña experiencia no Vales Villamarín, as miñas primeiras notas de primaria.

DA UNITARIA AO VALES UN PEQUENO GRAN SALTO

1972-73

50 años



50 años

2022-23

INFORME FINAL DE ... CURSO DO PROFESORA TITORIA

INFORME FINAL DE CICLO DO PROFESORA TITORIA

DECISION SOBRE A PROMOCION O CICLO SEGUINTE (1)

CLAVES: P = Promociona
NP = Non Promociona

V. e P. O Director/a. O Profesor/a - Titular/a.

EDUCACION PRIMEIRO CICLO PRIMARIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

COLEXIO PUBLICO Francisco Vales Villanar C. Correal, s/n. BETANZOS (A Coruña)

BOLETÍN INFORMATIVO

CURSO ACADÉMICO: 1996 - 1997

Alumno(a) *Rubén Martínez Valiño*

Curso *1º* Grupo *B* Nº Expediente

Professor/a - Titular/a: *D. Manuel Sagares Vónas*

Horas de visita, día _____ hora _____

NOTA: Este Boletín sempre acompaña a ficha informativa para a familia do alumno. Polo tanto, correo de cada estudante.

ÁREAS	Curso 1996 - 1997			SUSPENSIÓN DEFINITIVA
	PROMOCIÓN	PROMOCIÓN	PROMOCIÓN	
	19-10-96	10-11-96	10-11-96	
	C.O. M.A.	C.O. M.A.	C.O. M.A.	C.O. M.A.
CÓGNOCENDO O MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL Categorías de acción: Espazo e comunidade O medio físico O medio social O paso do tempo	PA	PA	PA	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA Percepción e expresión plástica Percepción e expresión musical Dramatización	PA	PA	PA	
EDUCACIÓN FÍSICA Cafecemento do corpo Habilidades e destrezas O corpo e o movemento como medio de expresión e comunicación Os deportes	PA	PA	PA	
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA Expresión oral Comprensión oral Lecturas e comprensión Escritura e expresión	PA	PA	PA	
LINGUA E LITERATURA GALEGA Expresión oral Comprensión oral Lecturas e comprensión Escritura e expresión	PA	PA	PA	
MATEMÁTICAS Números e operacións Medidas e unidades de medida Formas xeométricas Resolución de problemas	PA	PA	PA	
RELIXIÓN	PA	PA	PA	
FALTAS DE ASISTENCIA				

COMPORTAMENTO	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	AV. FINAL
Acaba os seus traballos	R	R	R	
Cuida o material	R	R	R	
Traballa ben en equipo	R	S	S	
Respeita os dereitos dos outros	R	S	S	
Cumpra as normas	S	S	S	
É correcto no trato	S	S	S	

Claves para avaliar o COMPORTAMENTO: S = Sempre; R = Regularmente; Av = As veces; N = Nunca

1ª AVALIACIÓN

Profesor/a Titular/a: *Manuel Sagares Vónas*

2ª AVALIACIÓN

Profesor/a Titular/a: *Manuel Sagares Vónas*

OBSERVACIÓNES: *Traballa e que para, pero castalle moito. Debería estudar con máis calma.*

2ª AVALIACIÓN

Profesor/a Titular/a: *Manuel Sagares Vónas*

3ª AVALIACIÓN

Profesor/a Titular/a: *Manuel Sagares Vónas*

OBSERVACIÓNES: *Sigue na liña de 1ª trimestre, el esforzase para castalle.*

3ª AVALIACIÓN

Profesor/a Titular/a: *Manuel Sagares Vónas*

OBSERVACIÓNES: *Traballa pouco e castalle máis, polo que os resultados son máis baixos.*

CLAVES PARA A INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN CONTINUA

C.O. = CONSIDERACIÓN DOS OBJETIVOS (PA = Progreso Análisis, NI = Necesita Melhoria)

M.A. = MEDIDAS ADOPTADAS (RE = Retiro Educativo, AC = Adaptación Curricular)

Datos do/a participante

NOME	Paula Boado Presas e fillas (Sofía e Lucía)
CURSO DA EXPERIENCIA	Anos 90 e 2010
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós

Descrición da Experiencia

Cando penso nas escolas unitarias do rural o primeiro que se me ven á mente é un sentimento de privilexio. Tiven a enorme sorte de poder recibir as bases da miña escolarización nunha escola unitaria en Coirós, a mesma sorte que tiven cando puideren escolarizar ás miñas fillas na mesma escola, a que conservaba o mesmo modelo pedagóxico.

A miña experiencia comezou nunha escola unitaria que estaba pegadiña á casa onde eu vivía, na aldea de Figueiras. Aínda polo lembrar aqueles pupitres con banco feitos en madeira que se levantaban e nos que se podía gardar o material.

Pero non foron mais que uns meses deste primeiro curso os que permaneceu esta escola aberta para ter que mudarnos a outra escola, a que ata hai dous cursos foi a escola unitaria de Coirós de arriba.

Os meus primeiros anos de escolarización vivinos nesta escola, e Sofía e Lucía tamén. Estou segura de que non podería ter elexido un modelo educativo mellor para elas, unha experiencia onde a diversidade está presente dende o momento en que o ensino é multinivel e conviven nel nenas e nenos de tres a cinco anos.

Son moitas as ocasións en que non daba creto a que Sofía ben non se lle entendía e xa falaba de planetas, de eclipses ou de espermatozoides cunha naturalidade pasmosa. E o motivo era que ese curso varias compañeiras estaban a punto de ter un irmán, polo tanto o asunto era merecedor de traballar cun proxecto acerca do nacemento dos bebés. Ou cando Lucía chegou moi emocionada contanto que unha compañeira de 5 anos lle ensinou a atar os cordóns dos zapatos. E era que os maiores eran un referente para os pequenos e gozaban de aprender deles.

Pero hoxe en todos as lembranzas da escola aparece Conchi, a mestra que as guiou durante tres cursos e que conseguiu entusiasmar a tantas familias ás que nos abriu as portas da escola para participar de todas e cada unha das aventuras en que nos embarcaba.

Pasada esta etapa de infantil, para a etapa de educación primaria fomos escolarizadas no CEIP Francisco Vales Villamarín. Para min foi unha experiencia de cambio tremenda a pesar de que tiña irmáns e curmáns maiores que me axudaban co autobús e con aquelas enormes filas.

Cando volví a este centro, xa cando me tocou escolarizar ás nenas, pasei polo patio cuberto e o que mais me chamou a atención foi que me pareceu moitísimo mais pequeno do que podía recordar coa mirada dunha nena.

Sofía recorda "tiven que poñerme nunha fila enorme e soamente podía pensar en escoitar o nome da miña amiga Sabela para que non me separasen dela", e que "todo era enorme naquel novo centro".

En cambio Lucía di que pode apreciar que o cambio non foi tan grande porque pasou polo antigo edificio de infantil que durante os dous primeiros cursos os mantivo un pouco mais aillados dos maiores. Pero o que mellores recordos lle trae son os mestres que tivo

Hoxe están as dúas cursando cuarto e primeiro da ESO no IES Francisco Aguiar e tamén está a ser unha etapa de grandes aprendizaxes para elas.

Datos do/a participante

NOME	Tamara López Vázquez
CURSO DA EXPERIENCIA	1991 - 1992
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Ois

Descrición da Experiencia

Fai xa máis de vinte anos, despois de tres anos na escola infantil de Ois, empecei a nova aventura no Vales Villamarín.

Lembro que foi un día moi emocionante, que esperaba como moitas ganas desde que nos despedimos da nosa profe de infantil.

Aínda que os dous primeiros anos eramos uns cuantos nenos, o meu último curso en Ois só eramos 6 alumnos. Dous de tres anos, dous de catro e dous de cinco.

As probabilidades de que os dous maiores acabáramos na mesma clase co cambio de cole era ínfima así que xa ía coa idea de que ían ser todo compañeiros novos.

Ademais diso, chegaba outra novidade. Mamá iba a deixar de ser a que me levaba ao cole e iba a ir en autobús. Eso si que me daba algo de medo os primeiros días. ¿E se non chegaba a tempo e marchaba sen min? Por sorte, eso nunca pasou.

Pois ben, chegou o primeiro día de cole e a miña nai acompañoume á presentación. Ao chegar alí empecei a ver moitísimos nenos e nenas nun patio enorme. Habíaos coma min que estaban moi contentos e expectantes, pero tamén os había que non parecía que lles gustase moito a idea de empezar un novo curso.

Minutos despois, comezaron a saír os profes e foron chamando aos alumnos que irían con eles.

Chegou a hora de chamar aos alumnos de primeiro C. Pola letra do apelido na que remataran na clase anterior, miña nai díxome que nesa me ía tocar a min, seguro. E así foi. O meu profe Paco dixo o meu nome e eu saín correndo escaleiras arriba para xuntarme cos meus novos compañeiros.

Unha vez na aula, o que mais me chamou a atención foi a cantidade de nenos que había nunha clase. Mais, tendo en conta que o ano anterior eramos tan

pouquiños. Ese feito facía que pasáramos de ter unha profe case á nosa enteira disposición toda a mañá, a ter un profe para vinte.

E outro gran cambio chegou á hora do recreo. Soou a sirena e Paco acompañounos ao patio. Aquelo empezou a encherse de nenos. O primeiro día, ese feito angustioume un pouco. En Ois non estabamos acostumados a tanto rebumbio.

Co paso dos días fun coñecendo aos meus novos compañeiros e compañeiras e facendo novos amigos. Algún dos cales aínda conservo a día de hoxe.

En definitiva ao meu paso ao Vales supuxo un importante momento de cambios, sobre todo, na magnitude das cousas (moitas aulas, moitos nenos,...). Foi como pasar de estar na casa a aterrar nunha gran cidade.

Datos do/a participante

NOME	Tania Roel Castro
CURSO DA EXPERIENCIA	1997 - 98
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Fun á escola unitaria de Coirós durante os cursos 1995-1996 en 1996-1997, con Conchi como profesora. De ahí ao Vales Villamarín de Betanzos, ao Francisco Aguiar e á Universidade da Coruña, onde estudei Enxeñería de Camiños, Canais e Portos. Dende hai seis anos vivo nos Países Baixos, onde traballo como enxeñeira de transporte e urbanismo.

Descrición da Experiencia

O cambio foi unha experiencia agridoce. Por un lado, empezar nunha escola tan grande como o Vales foi moi positivo e emocionante no ámbito social: entrar en contacto con moitos mais nenos e nenas de diferentes lugares, facer novas amizades, ter mais independencia – por exemplo ter que buscar o bus, a fila-, xogar nun patio enorme, subir e baixar pisos e pisos... Os primeiros meses foron unha exploración continua! Recordo os partidos de brilé no patio cuberto e as carreiras no descuberto cun sorriso nos beizos.

Pero no ámbito educativo foi nefasta. Eu chegaba con un nivel moi alto da escola unitaria de Coirós en canto a lectura, escritura, inglés, etc, e no Vales cheguei a unha clase na que a profesora non tiña ningún interese en manter ese nivel. ‘Tania é moi lista pero ten que esperar polo resto’, chegoulle a dicir á miña nai cando foi a falar con ela, preocupada porque a pequena Tania non quería ir á escola porque se aburría na clase, en contraste co entusiasmo que sempre mostraba cando ía á unitaria a Coirós. A solución da profesora para combater o meu aburrimiento era mandarme sempre a facer fotocopias mentres esperaba a que os demais acabasen as tarefas.

Botei de menos a unitaria e a Conchi moito tempo, aínda a considero unha das mellores profesoras que tiveron. Ela mantíñame motivada e entretida, facía de aprender un xogo e transmitíanos a súa paixón polo ensino cada día.

A situación no Vales mellorou cos anos, non todos as profesoras foron coma esa primeria que tiveron. As dúas seguintes foron maravillosas e seguiron a motivarme a aprender e a mellorar en todo o posible. Non é xusto xulgar negativamente todo o centro por unha profesora e non é a miña intención, mais iso fixo que o cambio vivido da escola unitaria ao Vales non fora todo o agradable que debería ter sido.

Datos do/a participante

NOME	Leandro Andrade Sanjurjo
CURSO DA EXPERIENCIA	2021 - 2022
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia



Datos do/a participante

NOME	Gael e Lía Abad Montes
CURSO DA EXPERIENCIA	2017-2018 e 2019- 2020
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

Lía: Aprender era moi moi moi divertido ,nada tiña presa .Co mestre de inglés Rafa o pasaba xenial .

Gael: Encantoume poder compartir o meu conto ,as actuacións de fin de curso e as manualidades como os avións de papel.

Nunca olvidaremos a Conchi e Olga




Datos do/a participante

NOME	Lucas Sobreira Rubal (7) años
CURSO DA EXPERIENCIA	2021 - 2022
ESCOLA DE PROCEDENCIA	Escola Unitaria de Ois (Coirós)

Descrición da Experiencia

Soy Lucas, desde ~~os~~ ² Años ~~estoi~~ ^{estoy} en el Vales. El primer día de clase me sentí un niño ^{nuevo} Porque termine la unitaria y me cambie de colegio a uno ^{may grande}. al principio me molestaba el ruido pero me acostumbré al ruido ^{poco a poco} fui haciendo amigos como Macan, Telmos, Martina, Joel. SAY muchos mas

Aunee echaba de menos a Olga y a los compañeros de Ois al pasar el tiempo me empezaron gustar y fue feliz 

DA UNITARIA AO VALES UN PEQUENO GRAN SALTO


1972-73

50
anos



50
anos

2022-23



Datos do/a participante

NOME	Lucía Vázquez Seoane
CURSO DA EXPERIENCIA	2000/2001
ESCOLA DE PROCEDENCIA	E.E.I. de Coirós

Descrición da experiencia

A lembranza da miña experiencia na escola unitaria é de completo agarimo. Desfrutar dun proceso de aprendizaxe nun entorno natural, con grupos mixtos e pouco numerosos, foi unha oportunidade absolutamente única.

Tendo en conta o mencionado anteriormente, sería lóxico pensar que o meu paso ao Vales non foi sinxelo, dado que se trata dun centro cunhas características diferenciadas, así como con moito máis alumnado. Porén, a transición foi satisfactoria. Eu era unha nena moi sociable, polo que non tiven problemas para interaccionar con máis nenos/as, mantendo tamén a relación con aqueles/as que xa coñecía de etapas escolares anteriores. Do mesmo xeito, a acollida do profesorado foi óptima, xa que atendeu en todo momento as nosas necesidades individuais.

O que máis me impresionou naquel intre foron as dimensións dos espazos, especialmente a do patio. En calquera caso, atopábanse organizados de maneira adecuada, polo que non tiña a sensación de desorientarme nel. Ao contrario; agradeciábase dispoñer da maior amplitude posible para o xogo.

Foi, en consecuencia, un gran acontecemento na miña vida, do que gardo un recordo especialmente afectuoso. De feito, o meu maior desexo é que as próximas xeracións teñan tan bos sentimentos coma min no seu comezo en Educación Primaria, para que esa plenitude os acompañe nas súas vivencias futuras.

Datos do/a participante

NOME	Martín Vázquez Dobén
CURSO DA EXPERIENCIA	2021-22
ESCOLA DE PROCEDENCIA	EEl Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

- 1º - Botei de menos as casitas, os patines e a Conchi (que eres ti do cole de Coirós).
- 2º - E boto de menos comer nas mesas a merenda.
- 3º - E nos sentabamos e falamos sobre as cousas que pasaban.
- 4º - Fui un pouco triste para ó Vales Villamarín porque Conchi non foi con nos.
- 5º - Gustábame moito como me ensinaba.
- 6º - O cole de Conchi era pequeno pero tiña moitas cousas.
- 7º - Vamos ao cole en bus.
- 8º - No Vales hai un estanque.
- 9º - E hai arbores.
- 10º - Hai pisos.

DA UNITARIA AO VALES UN PEQUENO GRAN SALTO


1972-73

50
anos



50
anos

2022-23



Datos do/a participante

NOME	Raúl Vázquez Dobén
CURSO DA EXPERIENCIA	2021-2022
ESCOLA DE PROCEDENCIA	E.E.I. Coirós de Arriba

Descrición da Experiencia

- Botei de menor a Conchi.
- Botei de menor or contar da estantería.
- O arenero enchéuse de neve na escola de Coirós.
- No Vales hai un estanque.
- O comedor.
- me gustaba a clase de Coirós

DA UNITARIA AO VALES
UN PEQUENO GRAN SALTO

1972-73

50
anos



50
anos

2022-23

Grazas a todos e todas as participantes pola súa aportación.

Coirós, Maio 2023